DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 67 | Luns, 12 de abril de 2021 | Páx. 18658

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

*EXTRACTO da Orde do 18 de marzo de 2021 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2019/20 (código de procedemento ED311B).*

BDNS (Identif.): 556070.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Alumnado que cursase estudos de formación profesional de grao superior en 2019/20 (presencial ou a distancia) nalgún centro educativo da Comunidade Autónoma de Galicia e rematase en 2020, cunha cualificación final do ciclo formativo igual ou superior a 8,50.

Segundo. *Obxecto*

Premios extraordinarios de formación profesional para o alumnado que realizou estudos de formación profesional de grao superior no curso 2019/20 na Comunidade Autónoma de Galicia e rematou en 2020. O alumnado premiado poderá concorrer, logo da súa inscrición, ao correspondente premio nacional de formación profesional de grao superior.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde EDU/2128/2011, do 15 de xullo (BOE núm. 180, do 28 de xullo), que crea e regula os premios nacionais de formación profesional de grao superior establecidos pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (código de procedemento ED311B).

Cuarto. *Importe*

23 premios extraordinarios (un por cada familia de formación profesional de grao superior implantada na Comunidade Autónoma de Galicia) cunha dotación total de 19.550 €, que non poderán exceder os 850 € por premio.

CVE-DOG: ipc7oju1-qmc6-qx10-tpa4-abldaxrxihw8

DOG Diario Oficial de Galicia



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: ipc7oju1-qmc6-qx10-tpa4-abldaxrxihw8